

Soñando con Alexandre Cribeiro

Herminio Barreiro

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

BARREIRO, HERMINIO (2012 [1995]). “Soñando con Alexandre Cribeiro”.
Dorna: 21, 23-24. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1949>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

BARREIRO, HERMINIO (1995). “Soñando con Alexandre Cribeiro”. *Dorna*:
21, 23-24.

* Edición dispoñíbel desde o 14 de marzo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

SOÑANDO CON ALEXANDRE CRIBEIRO

Herminio Barreiro

Van alá case que cinco meses e sigo soñando con el. Soñei moito con el todo este tempo. Sempre soñei con el... Cando estabamos xuntos ou lonxe. Escoitando a súa lería diversa, caótica e imprevisible. Falando de cine, de poesía, de fútbol, de viños, de amores e amoríos (¡aquele hedonismo seu tan persoal e como premente!).

Retazos de guións cinematográficos imposibles. Recuperación da memoria histórica do primeiro cine galego. Planos soñados. Luz incerta de Galicia na pantalla. Interpretación teatral e fílmica dunha realidade máis soñada que vivida. Sublimación da gran derrota no esplendor dos soños nados da mediocridade e da miseria daquela negra posguerra...

Acoitelado na espera... A poesía de Xosé Alexandre Cribeiro. Os soños de poesía de Alexandre Cribeiro. *Acoitelado na espera*. ¿Por qué ese título fixo sempre engruñarse o meu corazón? ¿Como saber con precisión quen eran os "acoiteladores"? Pero, ¿que "espera"? ¿De que "espera" falaba exactamente Xosé Alexandre?

A señardá no puño. O seu último soño. O seu testamento poético (¿ou político?). Digámolo claro: O seu testamento poético-político. Ou mellor, o seu testamento político-poético. Porque é o testamento dun comunista por paixón (e non só por razón). Sobre todo por paixón... Con tanta paixón que, máis que un poeta comunista, Cribeiro era un comunista que facía versos. Iso era.

Comunista galeguista ata a médula. Un comunista que facía versos sobre o seu mundo e para todo o mundo, sobre a súa xente e para toda a xente, sobre o seu país e para todo o país. Mergullado inextricablemente no seu "nicho finistérrico", aínda que estivera en Madrid, na Habana ou en Nova York...

Un home fondamente comprometido, o "Criber". Moralmente comprometido. Politicamente comprometido. Ideoloxicamente comprometido. Autenticamente comprometido. Insobornablemente comprometido ¡Case que "hereditariamente" comprometido!... (nestes tempos cómpre esaxerar un chisco...)

SEMBLANZA

E eu quero proclamar isto hoxe. Necesito subliñar isto. Interésame saliantar este perfil da ideoloxía pasional de Xosé Alexandre... Porque son moitos os que están interesados en borrar os perfís nidios dunha grande e fermosísima conciencia que sempre lle deu, lle dá e lle dará sentido a unha maneira de vivir... Se a salvación non é común, non será salvación. Se a vida non é de todos por igual, non será vida...

Si, soño. Sigo soñando e sempre soñarei con el. Falaba con el mesmo cando non o tiña diante. E sigo a falar con el cando xa non o teño. Cando me falta. Cando sei que non volverá...

... O "Criber" sempre foi un tipo moi seu. Desde pequeno. Xa era rariño cando estudiaba o bacharelato. Si, sempre foi moi seu... Moi habilidoso para agachar unha parte de si a cada un de nós. Con aquela terrible e ácida ironía sempre ás costas. Artista na utilización das aparencias para ocultar realidades crúas ou desagradables.

Puro sentimento, puro corazón, o "Criber". Grandísimo amigo dos seus amigos. Pura paixón, o "Criber". Pura paixón... O humor e as pequenas trampas eran un disfrute permanente para el. ¡Que ben o pasaba coas súas cousas! ¡Como nos enganaba e nos confundía! ¡Como se divertía con nós!

...Seguirei soñando contigo, amigo inmortal. Sempre soñarei contigo...